



IES TERRA DE TRASANCOS



PE (PROXECTO EDUCATIVO)

XUSTIFICACIÓN:

No Decreto 324/1996 do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) que aproba o Regulamento orgánico dos institutos regula no seu Título IV, capítulo I, artigo 90 o PEC.

A Orde do 1 de agosto de 1997, que dicta instrucións para o desenvolvemento do anterior Decreto, cando fala da programación xeral anual dedica os puntos 32 ao 36 ao citado PEC e, concretamente no punto 33 fai referencia aos aspectos que se detallarán no mesmo. Baseándonos nos citados Decreto e Orde elaboramos o PE do IES Terra de Trasancos.

SITUACIÓN DO CENTRO:

O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón (A Coruña) de titularidade pública. Atópase no lugar de Camiño Real S/N e o acceso principal ao centro resólvese dende a Estrada de Cedeira. A distancia do IES aos núcleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnado, fai que este utilice para o

acceso ao centro o transporte escolar, e, no caso dos alumnos de ciclos, transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos. Este feito supón un condicionante na actividade do centro, pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista, nin sequera, transporte colectivo público nas proximidades.

Os rapaces adscritos ao noso centro proveñen a súa maioría do CEIP Gándara e en menor medida do CPR Santiago Apostol e do CEIP Jorge Juan.

MISIÓN, PRINCIPIOS E VALORES DO CENTRO

O noso centro é relativamente pequeno. Cremos na tolerancia, no traballo cooperativo e fomentamos a igualdade entre mulleres e homes así como o uso da lingua galega nas diferentes actividades que realizamos no centro.

A nosa liña educativa está encamiñada a erradicar calquera tipo de discriminación por razón de sexo, polo que se dará prioridade e se fomentarán cantas accións estean encamiñadas á dita erradicación.

A educación que impartimos é respectuosa coas conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas do alumnado e coas diferenzas culturais do mesmo, non adoutrinando ao alumnado, rexeitando todo tipo de dogmatismo e sendo respectuoso coa liberdade de opinión de todos os membros da comunidade educativa.

No centro manifestamos o respecto polo uso das dúas linguas oficiais en Galicia, dándolle prioridade ao galego na vida administrativa, nas relacións coa comunidade e no labor académico, a partir das pautas fixadas pola administración educativa, como medio máis eficaz de lograr a igualdade real entre as dúas linguas, e de contribuír dese xeito á súa normalización.

Asemade, o centro cumpre a normativa vixente en cada momento

O noso Proxecto Educativo é un proxecto flexible, participativo e en continua e permanente mellora. Ademais, buscamos a implicación directa do profesorado, alumnado e familias nas tarefas de programación, execución e control da actividade escolar. Para levar isto a cabo as canles de comunicación deberán estar sempre abertas polo que buscaremos a integración do Concello participando nas actividades que nos propoñen e colaborando cos distintos organismos do mesmo.

DISTRIBUCIÓN DO CENTRO

O centro ocupa unha parcela de aproximadamente 14.000 m². en dous edificios independentes en torno a un espazo central aberto e pista polideportiva. O edificio

principal está ocupado por aulas, departamentos, a administración e outros locais secundarios, servindo de acceso principal ás instalacións do centro. A través deste edificio chegamos a outro menor, onde atopamos un taller de Tecnoloxía e dous de Electrónica ademais dunha aula de Informática no piso superior.

O centro dispón dun Ximnasio, pero as clases de educación física impártense, a maior parte das veces, entre o polideportivo municipal As Lagoas e o Ximnasio do instituto.

Os edificios sinalados dispoñen de espazos abertos e cubertos, nunha superficie aproximada de 350 metros cadrados.

DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS

No edificio principal:

a. Planta baixa:

- Conserxería.
- Sala de usos múltiples (cunha superficie de 150 m²). Cando se celebra algunha actividade complementaria ou acto especial, o espazo dispoñible é insuficiente para acoller a todo o alumnado do centro.
- Biblioteca.
- Aula de 2º de PMAR
- Aula de Convivencia
- Vivenda subalterno: este espazo nunca foi usado para esta finalidade.
- Sala de titorías.
- Despacho de orientación.
- Servizo para persoas con discapacidade.
- Sala de profesores.
- Secretaría e despachos de dirección.
- Despacho FCT e Seminario de Educación Física e de Comercio: na planta baixa da ala leste do edificio (ampliación).
- Espazo destinado á ANPA: na planta baixa da ala leste do edificio (ampliación).
- Cafetería.
- Almacén xeral: na planta baixa da ala leste do edificio (ampliación).
- Sala de caldeiras con vestíbulo previo e acceso directo dende o exterior.

- Cuarto de cadros eléctricos.

b. Planta primeira:

- Aula de informática.
- Aula informática Ciclos.
- Aulas de ciclo superior Administración e Finanzas
- Laboratorio de bioloxía.
- Aula debuxo.
- Aula plástica.

c. Planta segunda:

- Laboratorio de física.
- Laboratorio de química.
- Aula de ciclo medio de Xestión Administrativa.
- Aula de música.
- Aula idiomas.

d. No edificio de talleres:

- Planta baixa: Transformador e grupo electrógeno con acceso directo dende o exterior.
- Aula de Tecnoloxía.
- Talleres de 1º e 2º FPBÁSICA de Electrónica e Electricidade.
- Primeira Planta: Aula Informática Ciclos de Electrónica

Aula de 2º de FP Básica de Comercio.

RECURSOS MATERIAIS:

- Aulas de Informática: Aula de Informática ESO/Bacharelato, Aula de Informática de Ciclos, Aula 8 a disposición do alumnado de Ciclos de Administración e Aula de Informática de Ciclos no edificio 2.
- Aula de FP Básica de comercio (reducida 2): 15 postos en rede, máis o do profesor.
- Dous talleres de Electrónica dotados con material e postos informáticos.
- Taller de Tecnoloxía de ESO e Bacharelato. Con todo o equipamento necesario, ademais dunha impresora en 3D.
- Aula de Música: Dotación de instrumentos musicais de ESO/Bacharelato, canón de vídeo, impresora.
- Aula de idiomas.
- Aula de Plástica e Aula de Debuxo
- Biblioteca: Aproximadamente con 5000 volumes.
- Reprografía: Contamos con dúas fotocopiadoras conectadas á rede informática.
- Rede Informática de docencia, subdividida nunha rede de alumnado que dá servizo ás Aulas de Informática, talleres e á Biblioteca e unha de profesorado que dá servizo aos Departamentos. Baseada nun dominio de Windows Server (trasancos.net) con presenza externa na Internet (www.trasancos.net).
- Rede Informática de Administración: Composta por un servidor Windows Server, 10 estacións de traballo e dan servizo á Administración do Centro, despachos, Sala de Profesorado, Coordinación de FCT e Departamento de Orientación.
- Rede informática sen fíos: Todo o edificio do centro está dentro dun sistema WIFI que permite o acceso a Internet dende calquera punto do centro.
- Medios audiovisuais de localización variable: 10 retroproectores, Cámara fotográfica convencional, Un proxector de opacos, Catro ordenadores portátiles, 2 canóns de vídeo, Cámara de vídeo e trípode.
- Todas as aulas ordinarias (1 a 19) e as aulas reducidas (1 a 6) están dotadas de canón de vídeo, taboleiro dixital e ordenador do profesor. Con acceso a internet.
- As aulas 1, 2, 3 e 4 dispoñen do equipamento do Plan Abalar que inclúe portátil para profesor, ultraportátiles para o alumnado (90 en total), taboleiro dixital, canón de vídeo e armario cargador. Acceso WIFI a internet.
- Todos os departamentos están dotados como mínimo dun ordenador con acceso a internet (Rede de profesorado); os Laboratorio de Bioloxía, Física e Química ademais, teñen canón de vídeo e pantalla de proxección. Acceso a Internet.

OFERTA EDUCATIVA NO CENTRO

O centro imparte os seguintes ensinamentos:

- Educación Secundaria Obrigatoria. Comprende catro cursos, con alumnos entre doce e dezaseis anos de idade. O noso obxectivo fundamental nestes cursos é que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura; formalos como cidadáns responsables; desenvolver hábitos de estudo e de traballo e prepararlos para a súa incorporación a estudos posteriores. Alén disto, a atención á diversidade nesta etapa supón un principio fundamental para nós.
- Formación Profesional Básica. Impártense no noso centro dúas modalidades de Fp Básica: Comercio e Electrónica. O noso principal obxectivo é que o alumnado que participa neste programa alcance a preparación e titulación que lles abra as portas a outros estudos superiores.
- Bacharelato. Comprende dous cursos, entre os dezaseis e dezoito anos de idade. No noso centro, impártense dúas modalidades de Bacharelato: o Bacharelato de Ciencias e o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais. Nesta etapa intentamos que a oferta sexa adecuada para a educación posterior que o alumnado vai realizar.
- Ciclos Formativos. Ofértanse os Ciclo Medio de Xestión Administrativa e o Ciclo Superior de Administración e Finanzas. O noso obxectivo é que o alumnado alcance a capacitación necesaria para incorporarse ao mundo laboral. Ademais fomentamos as prácticas no estranxeiro para o alumnado de Ciclo Superior participando no programa Erasmus +.

ALUMNADO E FAMILIAS

O alumnado do centro procede, maioritariamente, dun entorno urbano. O idioma empregado nas súas relacións interpersoais é o castelán, aínda que empregan tamén o galego sen dificultade.

A relación coas familias é, en xeral, moi boa mantendo unha comunicación fluída co centro.

O Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) utilizado como elemento definitorio do contexto dos centros sitúanos nun nivel medio.

ANPA DO CENTRO

Os membros da ANPA teñen representación no Consello Escolar e participan nas diferentes comisións económica e de convivencia do mesmo. Ademais disto, a súa presenza no Centro é constante cada semana, colaboran con todas as actividades que se lles propoñen e constitúen un apoio importante para nós, xa que aportan a súa perspectiva e opinión nos problemas do centro e, por outra parte, realizan un apoio económico ás actividades complementarias e extraescolares que levamos a cabo.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Profesorado:

Actualmente a plantilla é de 47 profesoras/es que se distribúen desde secundaria ata os ciclos formativos. En canto á situación administrativa do profesorado, o profesorado con destino definitivo é maioritario. En canto á formación permanente do profesorado, aparte da busca que cada docente fai dos cursos de formación necesarios para manterse actualizado na súa materia, atopámonos con que temos algunha dificultade para implicar á maioría do profesorado na oferta formativa que propoñemos a través dos PFPP. Non obstante, nestes últimos cursos logramos organizar programas sobre actualización en Competencias Clave, mellora das TICS, Convivencia, Erasmus, etc. Aínda que debemos incidir na implicación do profesorado, a relación entre nós é satisfactoria o que se transmite ao alumnado e fai que o clima de traballo sexa, en xeral, agradable para todos.

En canto ós recursos humanos, **referidos ao persoal non docente**, encontrámonos con 2 bedeis, 1 administrativa e 3 persoas encargadas da limpeza. A relación co persoal non docente é cordial estando sempre atentos ás súas demandas ou preocupacións en todo momento. Ademais deste persoal, o instituto contrata as tarefas de mantemento de estruturas e xardíns.

OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

- **En relación á organización de grupos, espazos e horarios:**
 - Realizar agrupamentos estudados de tal forma que posibiliten a construción de entornos de aprendizaxe motivadores e á vez esixentes.
 - Ter en conta os criterios da CCP en relación á distribución das materias a impartir.
 - Realizar as reformas necesarias para conseguir espazos confortables que logren un ambiente de estudo e de traballo agradable para todos os membros da nosa Comunidade Educativa.

➤ Seguir mellorando as Instalacións do Centro e a dotación das aulas.

▪ **En relación á atención á diversidade, orientación e á acción tutorial:**

➤ Asignar titorías ao profesorado que imparta unha materia á totalidade dos alumnos ademais de procurar que sexa un profesor definitivo no centro.

➤ Mellorar as reunións de coordinación entre os titores, xefatura de estudos, orientación e dirección.

➤ Seguir incidindo na orientación académica do alumnado, a través do Plan de Acción Tutorial.

➤ Integrar aos alumnos de nova incorporación ao centro na nosa Comunidade Educativa.

➤ Atender ás necesidades da diversidade do alumnado, adoptando medidas que favorezan unha educación personalizada adaptada aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado.

➤ Contribuír a erradicar as desigualdades de xénero favorecendo diferentes accións como Programas de sensibilización ou celebracións na que se resalte o papel da muller na sociedade, formación do profesorado en materia de igualdade e integración no currículo das materias, neste senso será de aplicación **o artigo 17 do decreto lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro**, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

▪ **En relación coa convivencia:**

➤ Tratar de crear un bo ambiente de convivencia no centro, fixando unhas normas básicas de conduta e comprometendo ao alumnado no respecto ás mesmas.

➤ Utilizar técnicas restaurativas para axudar a corrixir as condutas disruptivas.

➤ Aplicar as medidas correctoras de conduta de forma positiva, sempre garantindo os dereitos e deberes dos membros da Comunidade Educativa.

➤ Aumentar a coordinación entre o equipo directivo, orientación, familias e profesorado

para seguir mellorando na resolución de conflitos.

- Erradicar calquera tipo de prexuízo por razón de xénero e reflectir as medidas de corrección a adoptar ante calquera comportamento sexista no regulamento interno do centro como sinala **o artigo 18 do decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro**, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

▪ **En relación á motivación do alumnado:**

- Favorecer o uso de metodoloxías innovadoras na aula.
- Favorecer a utilización das TICS na aula.
- Manter unha oferta de actividades complementarias e extraescolares enriquecedoras a nivel intelectual e humano.
- Incidir na integración dos alumnado de Ciclos e de FP Básica no mundo laboral.

▪ **En relación á avaliación:**

- Garantir o acceso das familias e alumnado á información sobre o proceso avaliativo.
- Realizar unha información cualitativa ás familias por parte dos titores, como mínimo na preavaliación.
- Potenciar a recuperación das materias pendentes facilitándolles aos alumnos toda a información e material necesario para a súa superación.
- Mellorar a eficiencia das reunións de avaliación (concreción, cumprimento dos horarios previstos).

▪ **En relación á coordinación docente:**

- Mellorar e potenciar as reunións e coordinacións que se realicen no centro fomentando o traballo colaborativo.
- Mellorar as comunicacións fomentando o uso do Correo Electrónico entre o profesorado para evitar o uso innecesario de papel.
- Promover, apoiar e coordinar experiencias pedagóxicas innovadoras.
- Impulsar a formación permanente do profesorado como medio para mellorar a calidade educativa e así poder conseguir a excelencia.

▪ **En relación ás familias:**

- Impulsar, apoiar e mellorar a comunicación das familias cos titores.
- Conseguir apoios da familia ao labor do profesorado a través de reunións periódicas.

- Buscar canles de comunicación máis efectivas coas familias (correo electrónico, abalar, mensario...)

- **En relación á xestión e dirección do centro:**

- Propor medidas de mellora para facilitar o traballo do profesorado.
- Colaborar a través da Vicedirección na planificación das actividades de dinamización.
- Favorecer a creación dunha comisión que colabore na organización das actividades complementarias e extraescolares.
- Xogar o papel de representante e mediador entre os distintos sectores da comunidade educativa, e entre estes e a administración, familias, alumnado, etc.
- Establecer adecuados protocolos de análise da realidade do centro e facer propostas de mellora e da súa execución.
- Buscar un clima de colaboración entre o profesorado, alumnado, familias, persoal non docente e o equipo directivo.
- Impulsar a educación en valores dende todas as materias do currículo e favorecer todas as accións para fomentala.
- Fomentar o uso das TICS entre o profesorado facilitando as ferramentas ofrecidas pola Xunta, o CFR ou o CAFI.
- Revisar e actualizar os documentos do centro, xa que moitos deles están obsoletos.
- Continuar coa participación no programa Erasmus e favorecer os intercambios europeos.
- Continuar coa campaña para dar a coñecer o noso centro entre os centros da comarca e seguir xestionando e mantendo ao longo dos catro anos de mandato o aumento de matrícula previsto para o próximo curso.

OBXECTIVOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

- a. Favorecer a integración dos alumnos no seu grupo de clase e no I.E.S., promovendo a actuación responsable na marcha do seu grupo e a participación activa nas actividades organizadas a nivel de Centro.
- b. Facilitar a toma de decisións ós alumnos con respecto ó seu futuro académico e profesional, respectando as directrices que se establezan no Plan de Orientación Académica e Profesional do IES.
- c. Realizar o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe dos alumnos, que permita anticiparse e atender ás dificultades máis xerais do seu aprendizaxe.
- d. Proporcionar información ó alumnado de todo o que lles afecte en relación coas súas actividades docentes e o seu rendemento académico.
- e. Favorecer o traballo coordinado do equipo docente de cada grupo coa finalidade de facer máis eficaz a tarefa docente e poder adaptala mellor ás características de cada grupo e de cada alumno.
- f. Asegura-la coordinación dos titores de tódolos grupos moi especialmente na educación cívica dos alumnos
- g. Promover a avaliación da acción tutorial no centro
- h. Coordinar, apoiar e ofrecer asesoramento e axuda ás actividades de orientación e tutoría levadas a cabo polos titores.
- i. Levar a cabo un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado
- j. Promove-la implantación de programas de mellora da lectura, de aplicación de técnicas de traballo intelectual e de estimulación das capacidades intelectuais do alumnado.
- k. Asegurar unha comunicación fluída coas familias coa finalidade de promover o intercambio de información sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellora-lo proceso de aprendizaxe dos alumnos e promove-la súa cooperación co profesorado na tarefa educativa, buscando a súa implicación nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

- I. Informar, asesorar e orientar ás familias sobre todos aqueles aspectos que afecten á educación dos seus fillos.

OBXECTIVOS TENDENTES A LOGRAR A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

- a.-Potenciar o uso do galego en tódalas actividades do centro usando o mesmo como vía de comunicación en todos os escritos e nos actos públicos do centro.
- b.-Mellorar a competencia lingüística da Comunidade educativa.
- c.-Dinamizar a lingua desde o Equipo de Dinamización Lingüística cara ao exterior do centro.
- d.-Eliminación de prexuízos sobre o uso do galego a través da Normalización do Galego en diversas actividades.

ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA:

Os obxectivos xerais de etapa que se desenvolverán no proxecto curricular estarán adecuados ao contexto do instituto e de acordo cos obxectivos xerais do centro.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)

As NOF do centro están sometidas a revisións periódicas para adecualas ás demandas dos diferentes axentes educativos.

(En documento aparte)

OFERTA DO CENTRO EN CANTO A ITINERARIOS, OPTATIVAS E ACTIVIDADES E SERVICIOS

O centro imparte ensinanzas de:

- Educación secundaria obrigatoria (ESO)
- Bacharelato. As modalidades impartidas son: Científico-Tecnolóxico e Humanidades e Ciencias Sociais
- Ciclos de grao medio:

Xestión administrativa. Pertence á familia profesional de administrativo. Ten unha duración de 2000 horas que se imparten en dous cursos académicos.

- Ciclos de Grao Superior:
 - Administración e Finanzas. Pertence á familia profesional de administrativo. Ten unhduración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos
 - FPBÁSICA de Instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións.
 - FPBÁSICA de Servicios Comerciais

As optativas ofertadas son as reguladas pola lei e ademais, ofértanse varias materias de libre configuración como:

En 1º de ESO: Programación, Obradoiro de Música e Reforzo de Inglés

En 2º de ESO: Taller de Canto Coral e Portugués.

En 1º de Bach.: Iniciación aos Medios Audiovisuais e Reforzo de Física e Química

En 2º de Bach: Cine e Sociedade

Ademais, ao principio de cada curso escolar os pais, nais ou titores legais poderán optar polas ensinanzas de Relixión ou pola Atención Educativa.

Asemade, o centro participa en diferentes Plans de reforzo ao estudo e outros complementarios.

PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA HABITUALMENTE O CENTRO:

<ul style="list-style-type: none"> ▪ A biblioteca do centro participa en varios proxectos e plans:
PLAMBE.
Programa de voluntariado na Biblioteca Escolar.
Club de lectura.
Club de lectura de adultos.
Club de lectura de manga.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Plan Proxecta
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reparto de froita entre o alumnado. FOGGA

▪ **Proxectos europeos, Erasmus +:**

O noso alumnado de Ciclos ten a posibilidade de realizar a FCT noutros países. Ademais o Instituto participa nun proxecto Erasmus co País de Gales e Polonia chamado Challenging Extremism dirixido a alumnado de 1º e 2º da ESO e no que está implicado un bo número de profesorado.

▪ **TEI:** Programa de Tutoría entre iguais destinado a alumnado de primeiro e terceiro da ESO.

▪ **Contratos programa**

▪ **Ademais dos proxectos organizados pola Consellería, o centro participa en outros organizados por organismos da contorna.**

▪ **ABALAR**

▪ **Outros:**

-Coro Solidarium

-Olimpiada Matemática

-Semana Verde

-Blogs

-Páxina Web....

PLAN DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLO ENSINO DE RELIXIÓN

MARCO LEXISLATIVO

Orde de 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG mércores 12 de setembro de 2007, Artigo 5 c)

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG venres 13 de xullo de 2007, disposición adicional segunda).

Segundo indica a normativa vixente, os centros docentes disporán as medidas organizativas para que o alumnado cuxos pais/nais ou titores non optasen polas ensinanzas de relixión, reciban a debida atención educativa e para que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación algunha. A devandita atención, en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa.

As actividades educativas popostas deberán desenvolverse en horario simultáneo ao das ensinanzas de Relixión. No noso centro impártense Valores Éticos.

Dita atención pode ser asignada ao profesorado con disposición horaria, sen embargo preferentemente está asignada ao Departamento de Filosofía que impartirá Valores Éticos. É preciso que a súa organización sexa práctica e aberta para que se adapte facilmente ás características do alumnado e o profesorado responsable.

Cada curso escolar a Xefatura de Estudos asignará a docencia desta materia en función da dispoñibilidade do profesorado dos distintos departamentos educativos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ésta materia non é avaliable, nin para efectos de titulación, promoción ou media académica.

FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Tódolos membros da comunidade escolar poden participar na vida desta polas canles legalmente establecidas. En concreto:

- ◆ Os profesores-as nos Claustros e Consellos Escolares (por medio dos seus representantes), nas reunións de Departamento, na CCP (por medio do seu representante, que é o Xefe/a de Departamento), nas reunións de avaliación, e nas actividades de formación e/ou de revisión dos documentos básicos do Centro, como as NOF, PE...
- ◆ O alumnado nos Consellos Escolares (por medio dos seus representantes) e por medio do delegado/a do seu grupo, nas xuntas de delegados/as, coas asociacións de alumnos/as...
- ◆ Os pais/nais dos alumnos/as no Consello Escolar, a través dos seus representantes no Consello e na Asociación de nais e pais de alumnos (ANPA).
- ◆ O persoal non docente, por medio do seu representante no Consello Escolar.
- ◆ O concello, por medio do seu representante no Consello Escolar.
- ◆ As organizacións empresarias que colaboran co centro na FCT a través do seu representante non Consello Escolar.

1.Órganos de goberno:

Os órganos de goberno do Centro, e o proceso para o seu nomeamento e funcións, veñen determinados por Lei.

- Unipersoais
- Directora
- Secretaria

- Xefa de estudos.
- Vicedirectora.
- Colexiados:
 - Consello Escolar.
 - Claustro de profesores.

O Claustro de Profesores debe ser o órgano dinamizador da vida do centro. Corresponde ós seus membros debater todos aqueles factores que teñan incidencia no proceso docente e formativo, así como acordar, dentro das súas competencias, ou propoñer ao Consello Escolar para a súa aprobación, as medidas que consideren oportunas para acadar unha maior calidade no ensino, avaliando periodicamente os resultados obtidos.

Debe estar informado de tódalas medidas administrativas que podan ter incidencia no seu campo de actuación. No seu caso, analizará e transmitirá a súa valoración ó Consello Escolar e ás autoridades pertinentes.

2. Estructura organizativa do profesorado:

- Departamentos: Formados polos profesores que impartan a mesma área ou materia, e ateranse ó estipulado pola lexislación vixente.

3. Estructura organizativa do alumnado:

- Delegados e subdelegados de grupo.

A elección e funcións dos delegados e subdelegados está determinada por lei.

- Xunta de delegados de grupo.

Composta polos representantes dos alumnos no Consello Escolar e polo delegado ou subdelegado de cada grupo, entre os que se elixirán un presidente e un secretario. A vixencia do seu nomeamento será de un ano escolar, e desempeñará as funcións determinadas por lei.

O centro facilitará un lugar de reunión á Xunta e poñerá á súa disposición os medios necesarios para levar a cabo as súas funcións.

- **Departamento de Orientación.**

As súas funcións básicas veñen determinadas por lei e resúmense en:

- Asesorar ao profesorado na súa labor titorial.
- Orientar ao alumnado sobre o seu itinerario escolar e saídas profesionais.
- Atención á diversidade do alumnado.

- **Titoras/es**

Cada grupo de alumnos terá unha titora/or que desenvolverá as funcións determinadas por lei, coa colaboración do Departamento de Orientación e a Administración do Centro.

O titor estará informado das faltas de asistencia e disciplina dos seus titorandos, será ponte de comunicación entre o profesorado e o grupo de alumnos e informará aos pais do proceso educativo dos seus fillos.

Os titores do grupo serán, preferentemente, profesores con destino definitivo no centro según acordo adoptado en CCP.

- **Xunta de avaliación.**

Estará composta polos profesores que imparten docencia nun mesmo grupo de alumnos. Reuniranse en cada período de avaliación e cando o titor o requira.

- **Asociacións**

O centro aterase ao disposto na lexislación vixente tanto para as Asociacións de Pais como para as Asociacións de Alumnos. Potenciará tamén calquera outro tipo de asociacións que baixo a normativa vixente favorezan o bo funcionamento do centro. Na actualidade temos unha ANPA moi potente no centro, que xestiona as taquillas para aqueles alumnos que o desexan, ademais de ser unha importante aliada nas dificultades que poden xurdir no día a día e de colaborar en todas as actividades nas que se requira a súa axuda.

- **Formas de organización da función docente.**

Os mecanismos básicos para garantir unha organización funcional son os seguintes:

- Organización do curso en xuño/xullo
- Planificación do curso en setembro.
- Desenvolvemento dun plan de acción tutorial coordinado polo Departamento de Orientación.
- Elaboración e/ou seguimento e corrección do PCC pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Estudio previo de criterios e forma de actuación nas xuntas de avaliación.

-
- **Funcións administrativas e xestión económica.**
 - a. Funcións Administrativas: Son levadas a cabo polo persoal administrativo do centro, supervisado pola secretaria, que é a encargada de ordear o réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices da directora.
 - b. Xestión Económica: Función desenvolada pola secretaria, que debe de ordear o réxime económico do centro, de conformidade coas directrices da directora, levando unha contabilidade adaptada á lexislación vixente da que debe render contas ante o Consello Escolar e ás autoridades competentes, presentando un anteproxecto de orzamentos de acordo coas directrices do Consello Escolar e oída a Comisión Económica, o mesmo que debe de presentar, para a súa aprobación, un informe económico explicativo do desenvolvemento do orzamento do ano.

FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES

DA COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Entre as relacións que o centro ven mantendo con outro tipo de institucións, podemos citar as relacións que se manteñen con todas as empresas nas que o noso alumnado de Ciclos e FPBásica está a facer a FCT e co Concello para desenvolver distintas actividades para o alumnado.
- As actividades en horario non lectivo apenas teñen presenza dentro do centro, debido fundamentalmente á deficitaria rede de transporte da zona na que nos atopamos. En canto ás actividades que se fan dentro do horario lectivo, mostra o centro unha gran riqueza de oportunidades e opcións, dirixidas tanto ó alumnado de secundaria obrigatoria como a bacharelato e ciclos formativos. Estas actividades son normalmente organizadas polo profesorado de distintos departamentos, coordinadas pola Dirección e Vicedirección.

-
- O centro dispón dunha páxina web que contén información de interese como: organigrama do centro, oferta educativa, documentos útiles descargables, etc...
 - Ademais, temos redes sociais Facebook, Twitter e Instagram a disposición de toda a comunidade educativa.

 - A ANPA está informada das actividades no centro e serve como canle entre familias e a Dirección do centro.

O centro de educación primaria adscrito ao noso centro é o CPI da Gándara. Procuramos ter con él e con outros centros educativos da contorna unha relación fluída e cordial que se materializa nas xornadas de acollida que realizamos en xaneiro/febrero onde os alumnos destes centros son invitados a coñecer o Instituto e realizan diversas actividades e talleres.

Ademais, participamos nas actividades e proxectos propostos polo Concello de Narón, as Universidades galegas e outras institucións da contorna.

Narón, 13 Outubro 2019